



Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Materias

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P02G050V01701	Lecer e turismo deportivo	1c	6
P02G050V01702	Xestión e organización dos sistemas deportivos II	1c	6
P02G050V01801	Actividades físicas e de aventura no medio natural	2c	6
P02G050V01905	Actividades físicas de lecer	1c	6
P02G050V01906	Especialización en deportes colectivos	1c	6
P02G050V01907	Especialización en deportes individuais	1c	6
P02G050V01908	Exercicio físico para persoas maiores	1c	6
P02G050V01909	Mercadotecnia e dirección de empresas deportivas	1c	6
P02G050V01910	Programas de exercicio físico e benestar	1c	6
P02G050V01911	Psicoloxía do adestramento deportivo	1c	6
P02G050V01913	Emprendemento e innovación nas ciencias do deporte	1c	6
P02G050V01914	Adestramento de readaptación para a actividade física e o deporte	1c	6
P02G050V01915	Novas tendencias de exercicio físico en adultos maiores con patoloxías	1c	6
P02G050V01916	Especialización en deportes individuais II	2c	6
P02G050V01981	Prácticas externas: Practicum	2c	18
P02G050V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lecer e turismo deportivo				
Materia	Lecer e turismo deportivo			
Código	P02G050V01701			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan Serrano Gómez, Virginia			
Profesorado	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan Serrano Gómez, Virginia			
Correo-e	vserrano@uvigo.es ivanmartinez@uvigo.es			
Web	http://https://login.campusremotouvigo.gal/cas/login?service=https%3A%2F%2Fcampusremotouvigo.gal%2Flogin%2F%3Fforce_sso%3Dtrue%26_%3D1244183002			
Descrición xeral	España está entre os principais destinos turísticos mundiais. Ademais, o sector turístico é un dos recursos económicos mais importantes do país. Aspectos como o desenvolvemento económico e tecnolóxico dos últimos cincuenta anos, a mellora na calidade de vigo e esperanza en países desenvolvidos ou o aumento do tempo libre, xerou unha cultura de lecer onde o turismo, xunto coa actividade física e o deporte, xogan un papel fundamental. Dentro do turismo, atopamos hoxe en día unha tendencia xeral á búsqueda de vacacións activas ou un entretemento programado para encher o tempo de lecer. Neste senso, o ámbito da actividade física e o deporte, convertéronse nun marco ideal para cubrir esta demanda. Con esta materia, se pretende dar a coñecer ó alumnado outra posible área profesional dando a coñecer as bases que definen a estrutura e funcionamento do turismo en xeral, e as aportacións que dende a actividade físico-deportiva podemos ofrecer ó mesmo en particular.			

Competencias	
Código	
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG4	Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.
CG6	Coñecemento e comprensión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre os aspectos psicolóxicos e sociais do ser humano.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG20	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.
CG21	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.
CG22	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas.
CG23	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade.
CG24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.
CE21	Capacidade para deseñar o programa de funcionamento das instalacións deportivas e seleccionar o material e equipamento deportivo adecuado
CE22	Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.	CG4
Coñecemento e comprensión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre os aspectos psicolóxicos e sociais do ser humano.	CG6
Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.	CG12
Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.	CG13
Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.	CG20
Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.	CG21

Capacidade para planificar, desenvolver e controlar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas. CG22

Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade. CG23

Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional. CG24

Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo. CG25

Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma. CG26

Capacidade para deseñar o programa de funcionamento das instalacións deportivas e seleccionar o material e equipamento deportivo adecuado CE21

Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional CE22

Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte. CG2

Contidos

Tema

TEMA 1: Fundamentos teóricos do lecer e o turismo deportivo	<ol style="list-style-type: none"> 1.1. O sector do turismo e o seu impacto económico 1.2. Tipoloxía do turismo en España 1.3. Perfil do turista 1.4. Estratexia de turismo sustentable "España 2030" 1.5. Lexislación turística 1.6. Regulación das empresas de turismo activo 1.7. Terminoloxía básica
TEMA 2: Actividades de lecer e deporte no sector turístico	<ol style="list-style-type: none"> 2.1. Operadores turísticos e Actividades Físico-Deportivas (AFD) 2.2. AFD de baixo impacto económico: turismo rural, actividades en espazos naturais, actividades de aventura e actividades de neve 2.3. AFD de alto impacto económico: caza, golf, actividades náuticas e eventos deportivos 2.4. AFD e destinos turísticos. 2.5. AFD e turismo de saúde. 2.6. Centros de alto rendemento e turismo
TEMA 3: A organización e dirección de actividades de lecer e deporte no sector turístico: turismo rural, turismo náutico, turismo deportivo, turismo de aventura e turismo en complexos hoteleiros	<ol style="list-style-type: none"> 3.1. Modelos de negocio de AFD no sector turístico 3.2. Innovación e emprendimento para a AFD no sector turístico 3.3. Responsabilidade civil nas AFD no sector turístico 3.3. Xestión de calidade e atención ao cliente en AFD no sector turístico 3.4. A dirección de proxectos en AFD no sector turístico
TEMA 4: Animación deportiva no sector turístico	<ol style="list-style-type: none"> 4.1. Deseño de produtos de AFD no sector turístico 4.2. Promoción e mercadotecnia de AFD no sector turístico 4.3. Nichos de mercado no sector turístico en Galicia: o golf e as actividades náuticas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	23.5	46
Prácticas con apoio das TIC	30	15	45
Traballo tutelado	0	56	56
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	1	1
Exame de preguntas obxectivas	0	1	1
Proxecto	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que vai a realizar o estudante.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvolveranse a través do TIC de forma autónoma.
Traballo tutelado	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	En función das circunstancias, o alumnado recibirá atención individualizada en modo presencial (horario de titorías previa cita) ou non presencial (correo electrónico).

Avaliación				
	Descrición		Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado resolverá unha serie de problemas/exercicios a través do TIC de forma autónoma e non presencial seguindo as indicacións do profesorado. Os exercicios deberán estar cumprimentados e entregados no prazo establecido.	15	CG2 CG4 CG6 CG13 CG20 CG21 CG22 CG23 CG24	CE22
Exame de preguntas obxectivas	Proba obxectiva (test) de 50 preguntas con 4 opcións de resposta realizada no campus remoto, en modo de navegación secuencial con asignación aleatoria de preguntas. Cada resposta correcta suma 0.2 puntos e para eliminar o efecto do azar, cada resposta incorrecta resta 0.06. Para superar a proba será necesaria unha puntuación mínima de 5.0 puntos.	50	CG2 CG4 CG6 CG12 CG13 CG20 CG21 CG22 CG23 CG24 CG25 CG26	CE21 CE22
Proxecto	O alumnado en grupos de 3 estudantes, elaborará en modo colaborativo un Proxecto sobre un aspecto específico do temática obxecto de estudo da materia, seguindo as indicacións do profesorado. O proxecto deberá presentarse dentro do prazo establecido.	35	CG2 CG4 CG6 CG12 CG13 CG20 CG21 CG22 CG23 CG24 CG25 CG26	CE21 CE22

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª Convocatoria (decembro-xaneiro)A cualificación final da materia resultará da ponderación dos 3 apartados da avaliación. Será requisito imprescindible para aprobar a materia asistir polo menos ao 80% das prácticas en horas de aula (prácticas autónomas a través de TICs e Proxecto) e superar (mínimo de 5 puntos sobre 10) os 3 apartados da avaliación.

2ª Convocatoria (xuño-xullo) e seguintes:Para o alumnado que non asistise ao 80% das prácticas aplicarase idéntico criterio que para a convocatoria de decembro-xaneiro. Ademais de realizar un exame tipo test de idéntico formato ao realizado en xuño, o alumnado que non entregue ou supere as prácticas autónomas a través de TICs e/ou o Proxecto, deberá volver presentalo/s. Para o alumnado que asistise ao 80% das prácticas, o 100% da cualificación da materia será o resultado dun exame tipo test de idéntico formato ao realizado en xuño no que deberá obter unha cualificación mínima de 6.0 puntos para aprobar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Jiménez Martín, Pedro J., **Deporte y turismo**, Síntesis, 2011

Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, <https://turismo.gob.es>,

TURESPAÑA es el organismo público, adscrito al Ministerio de Industria, Comercio y Turismo a través de la Secretaría de Estado de Turismo, responsable del marketing de España como destino de viajes, <https://www.tourspain.es>,

Turismo de Galicia. Organismo público dependiente de la Xunta de Galicia, responsable del marketing de Galicia como destino turístico., https://www.turismo.gal/inicio?langId=es_ES,

ANETA (Asociación Nacional de Empresas de Turismo Activo), <https://www.aneta.es>,

Bibliografía Complementaria

Rebollo, S. y Latiesa, M., **Salidas profesionales en el campo del turismo deportivo**, Instituto Andaluz del Deporte, 2002

Del Alcázar Martínez, B., **Los canales de distribución en el sector turístico**, Esic, 2002

Rebollo, S., **Curso sobre deporte, turismo y medio ambiente**, Instituto Andaluz del Deporte, 2002

Puertas, X. y Font, S., **Juegos y actividades deportivas para la animación turística**, Síntesis, 2002

Reguero, M., **Ecoturismo**, Bosch, 1994

VV.AA., **Deporte y naturaleza**, Talasa, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xestión e organización dos sistemas deportivos II/P02G050V01702

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Actividades físicas e de aventura no medio natural/P02G050V01801

Emprendemento e innovación nas ciencias do deporte/P02G050V01913

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte/P02G050V01102

Xogo motor/P02G050V01105

Fundamentos dos deportes colectivos I/P02G050V01303

Fundamentos dos deportes colectivos II/P02G050V01403

Fundamentos dos deportes individuais/P02G050V01304

Actividade física e deporte adaptado/P02G050V01601

Actividade física e deporte recreativo/P02G050V01602

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I/P02G050V01501

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II/P02G050V01603

Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo I/P02G050V01502

Metodoloxía e planificación do adestramento deportivo II/P02G050V01604

Valoración e prescrición do exercicio físico para a saúde/P02G050V01503

Plan de Continxencias

Descrición

A materia estará activa desde o inicio de curso no campus remoto (Sala 1566:

<https://campusremotouvigo.gal/public/893752348>) e por tanto preparada para a eventual situación de docencia mixta e non presencial. Por este motivo non foi planificada ningunha medida excepcional, posto que nin a metodoloxía, avaliación ou atención individualizada dependerán da presencialidade.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xestión e organización dos sistemas deportivos II**

Materia	Xestión e organización dos sistemas deportivos II			
Código	P02G050V01702			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Lago Filgueira, José Ángel			
Profesorado	Lago Filgueira, José Ángel			
Correo-e	jal@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
CG2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
CG4	Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG14	Manexo da información científica básica aplicada á actividade física e ao deporte nas súas diferentes manifestacións.
CG21	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.
CG22	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar programas para a dirección de organizacións, entidades e instalacións deportivas.
CG24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.
CE26	Capacidade para seleccionar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva recreativa

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
1. Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.	CG2 CG4 CG12 CG14 CG21 CG22 CG24 CG25
2. Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.	CG14 CG21 CG22 CG25
3.- Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte	CG12 CG13 CG14 CG26

Contidos

Tema	
------	--

1. Planificación e organización no deporte	Sistema deportivo, Políticas deportivas, estruturas organizativas, estrutura económica e financiamento, contratación pública, normativa, lexislación, planificación, xestión, programación, RR.HH, subvencións, convenios, seguridade, prevención de riscos, protección de datos.
2. Planificación dos espazos deportivos.	Contextualización, os espazos deportivos e as instalacións deportivas, materiais e os pavimentos deportivos, o mantemento das instalacións deportivas, familiarización cos conceptos fundamentais e a súa planificación. Seguridade nos equipamentos deportivos.
3. Os espazos e equipamentos deportivos	Concepto e tipos, normativa aplicable, censos, mantemento.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	33.75	56.25
Traballo tutelado	10	0	10
Resolución de problemas de forma autónoma	26	39	65
Exame de preguntas obxectivas	0.3	0	0.3
Exame de preguntas de desenvolvemento	1.5	7.5	9
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	9.5	0	9.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante, as cales serán contrastadas na aula co conxunto dos alumnos ou soamente polo profesor.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Enténdese por atención personalizada o tempo reservado por cada docente para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Nestas actividades o/a docente ten como función orientar e guiar o proceso de aprendizaxe do alumnado.
Traballo tutelado	Enténdese por atención personalizada o tempo reservado por cada docente para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Nestas actividades o/a docente ten como función orientar e guiar o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Probas de resolución que expón o profesor para a aprendizaxe de contidos.	10	CG12 CG13 CG14 CG21 CG22 CG24 CG25 CG26
Resolución de problemas de forma autónoma	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	25	CG2 CG4 CG12 CG13 CG14 CG21 CG22 CG24 CG25 CG26

Exame de preguntas obxectivas	Proba para avaliación das competencias adquiridas que constará preguntas pechadas na que os alumnos seleccionan unha única resposta verdadeira de entre varias opcións.	15	CG12 CG13 CG14 CG21 CG22 CG24 CG25 CG26	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	40	CG12 CG13 CG14 CG21 CG22 CG24 CG25 CG26	CE26
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Elaboración dun documento por parte do alumno no que se reflicten as características do traballo levado a cabo. Os alumnos deben describir as tarefas e procedementos desenvolvidos, mostrar os resultados obtidos ou observacións realizadas, así como a análise e tratamento de datos. Deseño de construcións que elabora o alumno sobre cuestións expostas na aula.	10	CG2 CG4 CG14 CG21 CG22 CG24 CG25 CG26	CE26

Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da materia resultará da ponderación do tres probas de avaliación, (test, Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma e probas de resposta longa, de desenvolvemento).Será requisito imprescindible para aprobar a materia ter superadas o tres partes.O alumno/a que non realice algunha do tres probas de avaliación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. En xullo e no resto das convocatorias extraordinarias avaliarase unicamente mediante un exame tipo test (100%), ou con probas de desenvolvemento combinado con test, sendo a puntuación de 50% cada unha das partes.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Mestre,J.; García,E., **La gestión del deporte municipal**, Primera edición, INDE, 1997

Mestre,J., **La planificación deportiva. Teoría y Práctica**, Segunda edición, INDE, 1997

Mestre,J.;Brotons,J., **La gestión deportiva: clubes y federaciones**, Primera edición, INDE, 2002

www.csd.mec.es, **Portal del Consejo Superior de Deportes (CSD)**,

Paris,F., **La planificación estratégica en las organizaciones deportivas**, Primera edición, Paidotribo, 1998

Paramio, J.L. y otros, **Manual de Equipamientos e instalaciones deportivas**, Primera edición, Síntesis, 2010

Bibliografía Complementaria

<http://www.rbi.es/info-profesional/publicaciones-construccion/instalaciones-deportivas-xxii/>, **Instalaciones Deportivas XXII**, Editor Iñaki Lasa,

www.femp.es, **Portal de la Federación Española de Municipios y Provincias**, Área Temática de Deporte y Ocio,

<https://deporte.xunta.gal>, **Portal da Secretaría Xeral para o Deporte**,

<https://www.palco23.com>, **Palco23**, Economía del deporte,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xestión e organización dos sistemas deportivos II/P02G050V01702

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xestión e organización dos sistemas deportivos I/P02G050V01504

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou

non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen.

Se manteñen as metodoloxías docentes.

* Metodoloxías docentes que se modifican.

Desenvolverase unha metodoloxía inversa para compensar a docencia de contidos teóricos de opción maxistral co plantexamento de contidos a través de referencias e resolución de cuestións sobre aqueles aspectos que plantexan máis dificultade de aprendizaxe. No caso das clases prácticas desta materia desenvolveranse con supostos prácticos a través de resolución de problemas de tipo conceptual, xa que esta materia non ten practica de campo, baseados nos contidos teóricos, desenvolveranse a través da plataforma faitic ou na aula virtual. Terán que elaborar igualmente a memoria de prácticas. Tanto para a unha situación semipresencial coma online.

Os criterios de avaliación non varían manteñense os mesmos.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías).

Desenvolverase a través dos sistemas online dispostos pola universidade. Correo, despacho virtual, plataforma Faitic.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

Os exames da 1ª e sucesivas convocatorias poderan desenvolverse a través de resposta múltiple, a través das ferramentas tecnolóxicas axeitadas, sendo a súa valoración do 60 % para a 1ª convocatoria e do 80% para a segunda convocatoria, e do 100% para o resto de convocatorias.

* Novas probas

* Información adicional

DATOS IDENTIFICATIVOS**Actividades físicas e de aventura no medio natural**

Materia	Actividades físicas e de aventura no medio natural			
Código	P02G050V01801			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Prieto Lage, Iván Alonso Fernández, Diego			
Profesorado	Alonso Fernández, Diego Argibay González, Juan Carlos Prieto Lage, Iván Zarzosa Alonso, Fernando			
Correo-e	diego_alonso@uvigo.es ivanprieto@uvigo.es			
Web	http://http://fcced.uvigo.es/gl/			
Descrición xeral				

Competencias

Código			
CG9	Coñecemento e comprensión dos fundamentos do exercicio físico, xogo motor, danza, expresión corporal e actividades na natureza.		
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.		
CG15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.		
CG18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.		
CG24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.		
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.		
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.		
CE1	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas		
CE22	Capacidade para coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional		
CE25	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de actividades físico-deportivas recreativas		
CE26	Capacidade para seleccionar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade físico-deportiva recreativa		
CE29	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde, da práctica de actividades físicas inadecuadas nos practicantes de actividade físico-deportiva recreativa		

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
O alumnado será capaz de coñecer e comprender os factores fisiolóxicos e biomecánicos que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.	CG18	
O alumnado será capaz de coñecer e aplicar o marco xurídico do ámbito profesional das actividades no medio natural	CG13	CE22
O alumnado será capaz identificar e valorar os riscos que poidan derivarse do uso dos equipamentos e instalacións deportivas das actividades no medio natural		CE25 CE26
O alumnado será capaz de coñecer e comprender os fundamentos das actividades na natureza	CG26	CE1
O alumnado será capaz de identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas na contorna natural		CE26 CE29
O alumnado será capaz de deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuales das persoas	CG15	CE25
O alumnado será capaz de seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade no medio natural	CG9	CE26 CE29

O alumnado será capaz de actuar dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional. CG24

O alumnado será capaz de mostrar habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo CG25

O alumnado será capaz de adaptarse as novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma CG26

Contidos

Tema

1. Fundamentos teóricos das actividades físicas no medio natural: orientación e bases cartográficas, planificación de itinerarios, seguridade, e outros fundamentos teóricos relacionados.	1.1. Fundamentos teóricos 1.1.1. Concepto de Actividades Físicas no medio Natural 1.1.2. Xeneralidades 1.1.2.1. Que son as AFMN 1.1.2.2. Organización e regulación das AFMN
--	---

2. Actividades físico deportivas no medio natural: actividades de permanencia, sendeirismo, deporte de orientación, escalada e outros deportes de aventura.
- 2.1. Sendeirismo e montañismo
 - 2.1.1. Montañismo e trekking: concepto e lugar na evolución dos deportes de montaña
 - 2.1.2. Medio ambiente de montaña
 - 2.1.3. Metereoloxía
 - 2.1.4. Formación técnica
 - 2.1.5. Preparación e desenvolvemento dunha actividade
 - 2.1.6. Orientación e cartografía
 - 2.1.7. Técnicas de acampada e vivac
 - 2.1.8. Seguridade
 - 2.1.9. Desenvolvemento profesional
 - 2.2. Orientación
 - 2.2.1. Introducción á orientación: xeneralidades
 - 2.2.2. Representación gráfica e interpretación de debuxos ou esquemas
 - 2.2.3. Cartografía. Introducción á interpretación de mapas elaborados (topográficos e/ou de orientación).
 - 2.2.4. Utilización do compás
 - 2.2.5. Orientación.
 - 2.2.6. Aplicación no ámbito educativo
 - 2.2.7. Organización de actividades de orientación e seguridade.
 - 2.3. Técnicas de aire libre
 - 2.3.1. Actividades Físicas no Medio Natural. Xeneralidades
 - 2.3.2. Ámbitos de aplicación das Actividades ao aire libre
 - 2.3.3. Aplicación ao ámbito escolar
 - 2.3.4. AFMN. Contorna profesional
 - 2.3.5. Organización de actividades e seguridade
 - 2.4. Escalada e técnicas con cordas
 - 2.4.1. Introducción á escalada: xeneralidades (tipos)
 - 2.4.2. Aspectos técnicos da escalada
 - 2.4.3. Cabuxería.
 - 2.4.4. Seguridade: normas básicas
 - 2.4.5. Aplicación no ámbito escolar
 - 2.5. Organización de actividades
 - 2.5.1. Organización dun proxecto de actividades no medio natural
 - 2.5.2. Organización dunha ruta de sendeirismo. Seguridade
 - 2.5.3. Organización de AFAMN na educación non formal
 - 2.5.4. Organización de AFAMN na educación formal
 - 2.6. Bicicleta de montaña
 - 2.6.1. A bicicleta e o ciclismo
 - 2.6.2. Conducir e circular en bicicleta. Normas de seguridade
 - 2.6.3. Axuste e mantemento da bicicleta
 - 2.6.4. Mecánica da bicicleta
 - 2.6.5. Rutas en bicicleta de montaña. Seguridade
 - 2.6.6. Actividades recreativas en bicicleta de montaña. Organización e seguridade
 - 2.7. Outras actividades de aventura no medio natural
 - 2.7.1. Introducción ao tiro con arco
 - 2.7.2. Introducción ao surf
 - 2.7.3. Seguridade: normas básicas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	21	0	21
Resolución de problemas de forma autónoma	0	24	24
Traballo tutelado	1.5	31.5	33
Prácticas de laboratorio	27	0	27
Exame de preguntas obxectivas	3	42	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo que se combinarán con actividades interactivas en gran grupo para os estudantes que asistan a clase.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O estudantado debe desenvolver os exercicios de forma autónoma.
Traballo tutelado	Rexistro e análise por parellas ou pequenos grupos (a decisión do profesorado) dunha ruta por Galicia/España. Exportación das rutas a Wikiloc, análises MIDE e valoración dos requirimentos enerxéticos e condicionais. Elaboración dun informe da ruta.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (pavillón da facultade ou exteriores).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada do estudantado realizarase tanto durante o desenvolvemento das sesións de aula como posteriormente no despacho físico ou virtual (Sala 50 - Prof. Diego Alonso Fernández / Sala 2067 - Prof. Iván Prieto Lage) e de correos electrónicos.
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada do estudantado realizarase tanto durante o desenvolvemento das sesións de laboratorio (no pavillón ou nos exteriores da Facultade), como posteriormente no despacho físico ou virtual (Sala 50 - Prof. Diego Alonso Fernández / Sala 2067 - Prof. Iván Prieto Lage) e de correos electrónicos.
Traballo tutelado	A atención personalizada do estudantado realizarase tanto durante o desenvolvemento das sesións de aula como posteriormente no despacho físico ou virtual (Sala 50 - Prof. Diego Alonso Fernández / Sala 2067 - Prof. Iván Prieto Lage) e de correos electrónicos.
Resolución de problemas de forma autónoma	A atención personalizada do estudantado realizarase no despacho físico ou virtual (Sala 50 - Prof. Diego Alonso Fernández / Sala 2067 - Prof. Iván Prieto Lage) ou a través de correos electrónicos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Durante algunhas clases teóricas realizaranse exercicios interactivos en gran grupo onde se concederán puntos da nota final en función da posición en devandita actividade.	5	CG9 CG13 CG15 CG18 CG24 CG25 CE1 CE22 CE25 CE26 CE29
Resolución de problemas de forma autónoma	Haberá 12 cuestionarios interactivos en Moovi. Débense superar cunha nota mínima dun 8,5 para que se considere superado e compute na nota final. Se hai 4 faltas ou máis (por non realización ou por non superar a nota mínima), a puntuación deste apartado será de 0 puntos.	24	CG9 CG13 CG15 CG18 CG26 CE1 CE22 CE25 CE26 CE29
Traballo tutelado	Rexistro e análise dunha ruta por Galicia/España. Exportación das rutas Wikiloc, análise MIDE e valoración de requirimentos enerxéticos e condicionais. Elaboración do informe da ruta.	22	CG9 CG13 CG15 CG18 CG24 CG25 CG26 CE1 CE22 CE25 CE26 CE29
Prácticas de laboratorio	Asistencia ás 12 clases prácticas da materia no pavillón. O estudante que teña 4 faltas ou máis terá que realizar o exame práctico final.	24	CG9 CG13 CG15 CG18 CG24 CG25 CG26 CE1 CE22 CE25 CE26 CE29
Exame de preguntas obxectivas	Proba teórica. Exame tipo test e/ou verdadeiro/falso. Proba práctica. Exame de desenvolvemento ou tipo test sobre a parte práctica da materia. Só é obrigatorio para os que teñan máis de tres faltas nas prácticas de laboratorio. Computará o 24%.	25	CG9 CG13 CG15 CG18 CG24 CG25 CG26 CE1 CE22 CE25 CE26 CE29

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo o estudantado asista ou non ás aulas, ten dereito a ser avaliado (mediante exame ou segundo estableza a guía docente).

A) Na convocatoria do segundo semestre (maio) valorarase o seguinte:

- A asistencia á clases teóricas (lección maxistral) non terá valoración específica, pero permitirá participar en **actividades interactivas en grupo** do que sairá o **5%** da nota final.
- A realización de **actividades interactivas propostas en Moovi** un **24%** (resolución de problemas de forma autónoma). Haberá un total de 12 cuestionarios, polo que cada un representará o 2% da nota final. Se a nota é inferior a 8,5 o cuestionario terá unha valoración de 0 e considérase falta. Se se teñen 4 faltas ou máis, este apartado computará 0 puntos.
- O **traballo** tutelado un **22%**.
- A participación activa nas **prácticas** de laboratorio un **24%** (permítense un máximo de tres faltas e non existe a posibilidade de xustificar a ausencia). Como en principio hai 12 prácticas, cada unha terá un valor dun 2% da nota final. No caso de que, por festivo, houbese menos prácticas, ese 24% reduciríase nun 2% para cada práctica que non houbese, pasando esa porcentaxe ao exame de preguntas obxectivas.
- O **exame** de preguntas obxectivas terá unha valoración do **25%**.

Nesta convocatoria non é obrigatorio aprobar o exame teórico para superar a materia, aínda que se o exame ten unha puntuación inferior a 5 sobre 10, non computará e a valoración será dun 0.

O estudantado que teña máis de tres faltas na práctica, deberá realizar un exame práctico tras realizar o exame teórico para superar esa parte. Será un exame sobre aspectos prácticos da materia. Neste caso, será indispensable superar o exame teórico, o práctico e o traballo da materia cunha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 en cada un para superar a materia.

B) Na convocatoria de xuño-xullo o **exame teórico** terá unha valoración do **33%**, o **exame práctico** un **33%** e o **traballo tutelado** un **34%**. Gardaranse as notas dos diferentes exames e traballo da convocatoria de maio se fose o caso. En todas as partes débese ter un 5 sobre 10 para poder superar a materia.

C) Na convocatoria de fin de carreira (setembro) o **exame teórico** terá unha valoración do **33%**, o **exame práctico** un **33%** e o **traballo tutelado** un **34%**. En todas as partes débese ter un 5 sobre 10 para poder superar a materia.

D) As datas oficiais dos **exames** pódense consultar na web da facultade: <http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

VIGO, M., **Manual para dirigentes de campamentos organizados**, Stadium, 2005

BERNAL RUIZ, J., **Organización de campamentos en la escuela**, Wanceulen, 2002

COLORADO, J., **Montañismo y Trekking. Manual completo**, Manuales Desnivel, 2010

SANTOS PASTOR, M. L., **Las actividades en el medio natural en la educación física escolar**, Wanceulen, 2002

MURCIA, M., **Prevención, seguridad y autorescate**, Desnivel editorial, 2001

VARIOS, **Señalización de Senderos**, FEDME, 2009

EEAM, **Escuela Española de alta montaña. Certificado de iniciación al montañismo**, Barrabés editorial, 2001

MILSON, F., **El libro de la bicicleta de montaña: mantenimiento y reparación**, OMEGA, 2009

Granero Gallegos, A., Baena Extremera, A., **Actividades físicas en el medio natural: Teoría y práctica para la Educación Física**, Wanceulen, 2010

Bibliografía Complementaria

Rojas Pedregosa, P., **La bicicleta y su desarrollo práctico en Educación Secundaria**, Wanceulen, 2016

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

- Metodoloxías docentes que se manteñen
Resolución de problemas de forma autónoma

- Metodoloxías docentes que se modifican

Lección maxistral: Se a docencia non é presencial, a actividade docente desenvolverase a través do Campus Remoto e a plataforma de teledocencia Moovi.

Traballo tutelado: elimínase

Prácticas de laboratorio: Si a docencia non é presencial, a actividade docente desenvolverase a través do Campus Remoto e a plataforma de teledocencia Moovi.

- Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

En todas as metodoloxías expostas a atención personalizada do estudiantado realizarase mediante o despacho virtual do Campus Remoto (Sala 50 - Prof. Diego Alonso Fernández / Sala 2067 - Prof. Iván Prieto Lage) e de correos electrónicos.

- Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Sen modificación.

- Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Sen modificación.

- Outras modificacións

Sen cambios.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Esta adaptación só realizarase na convocatoria de segundo semestre se non ha prácticas presenciais.

Criterios de cualificación:

a) A asistencia á clase teórica (lección maxistral) coa realización de actividades grupais terá unha valoración do 10% (sen cambios).

b) A resolución de problemas de forma autónoma terá unha valoración do 36%

c) O exame de preguntas obxectivas terá unha valoración do 54%.

O exame será obrigatorio aprobalo para superar a materia.

No resto de convocatorias o exame teórico valerá o 50% e o exame práctico o 50%.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Actividades físicas de lecer**

Materia	Actividades físicas de lecer			
Código	P02G050V01905			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan Serrano Gómez, Virginia			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
CG4	Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.
CG6	Coñecemento e comprensión dos efectos da práctica do exercicio físico sobre os aspectos psicolóxicos e sociais do ser humano.
CG9	Coñecemento e comprensión dos fundamentos do exercicio físico, xogo motor, danza, expresión corporal e actividades na natureza.
CG12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
CG13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
CG15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
CG16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
CG18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.
CG20	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.
CG21	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.
CG23	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade.
CG24	Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
CG25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
CG26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento e comprensión dos factores comportamentais e sociais que condicionan a práctica da actividade física e o deporte.	CG4 CG6
Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.	CG9
Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.	CG12
Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	CG13
Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.	CG15 CG16 CG18
Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.	CG20 CG21
Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.	CG23 CG24
Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	CG25
Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.	CG26
Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma	

Contidos

Tema	
1. Fundamentos das actividades de raqueta e pala	Material e Equipamento O Padel como AF de Lecer O Tenis de Mesa como AF de Lecer Boas prácticas
2. Bailes e danzas colectivas para a recreación	Material e Equipamento Bailes de salón Danzas colectivas Boas prácticas
3. Xogos tradicionais con material complexo	Material e Equipamento AF de Lecer con Bastóns AF de Lecer con Patíns AF de Lecer con Cometas AF de Lecer con Bicicleta AF de Lecer con Stand Up Paddle (SUP) Boas prácticas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	33.75	56.25
Resolución de problemas	15	22	37
Prácticas de laboratorio	12	19.25	31.25
Cartafol/dossier	3	22.5	25.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesión maxistral
Resolución de problemas	Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma por parte do alumno relacionados coa materia.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais, relacionadas coa materia obxecto de estudo.
Cartafol/dossier	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, merar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos,etc

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Mediante as titorías individuais ou grupais nos horarios de atención ao alumno
Resolución de problemas	Mediante as titorías individuais ou grupais nos horarios de atención ao alumno
Cartafol/dossier	Mediante as titorías individuais ou grupais nos horarios de atención ao alumno

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Entrega dos comentarios a lecturas e vídeos no prazo acordado a través da plataforma FAITIC.	25	CG4 CG13 CG24 CG25 CG26
Prácticas de laboratorio	Grupos-B. Consistirán na participación en actividades de Medio Natural da Área de Saúde e Deporte da Universidade de Vigo e na elaboración dunha memoria cunha análise DAFO.	50	CG4 CG13 CG24 CG25 CG26
Cartafol/dossier	Entrega do dossier comercial individual no prazo acordado a través da plataforma FAITIC.	25	CG13

Outros comentarios sobre a Avaliación

A cualificación final da materia resultará da ponderación das probas de avaliación (resolución de exercicios, portafolio/dossier e prácticas de laboratorio). Será requisito imprescindible para aprobar a materia :

